3. PLANIFICACIÓN DO TRABALLO CIENTÍFICO: 3.1. Preescrita: o deseño do traballo
 SELECCIÓN, ORGANIZACIÓN E PRESENTACIÓN DA 3.1.1. Temas: problemas, preguntas, hipóteses
 INFORMACIÓN 3.1.2. Metodoloxías: estratexias, focaxes e técnicas
 3.2. Escrita: a redacción do traballo
 3.2.1. As partes do texto: escribir introducións e conclusións
 3.2.2. Sintetizar información: paráfrases, citas e referencias
 3.2.3. Redactar parágrafos académicos
 3.3. Postescrita: avaliación e corrección lingüística

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	5	10	15
Prácticas con apoio das TIC	7	20	27
Traballo tutelado	1	20	21
Presentación	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dos traballos e exercicios a desenvolver polo estudante. Son 5 horas presenciais. As 10 horas fóra da clase son de lectura relativa ós temas do curso.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvolveranse con equipamento especializado nunha aula informática. As actividades, prácticas e exercicios suman 27 horas: 7 horas presenciais e 20 non presenciais.
Traballo tutelado	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elaborará un documento sobre a temática da materia ou preparará un seminario no que se expoñerán e debaterán as investigacións e lecturas levadas a cabo. Son 20 horas de traballo fóra da aula.
Presentación	Exposición ou presentación oral dos alumnos dalgún dos temas ou prácticas que se traten no curso. Poden ser as lecturas semanais de textos previamente escollidos e dispostos para o aprofundamento e discusión académica dos temas do programa. As lecturas obrigatorias equivalen a 10 horas non presenciais.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	As dúbidas poden ser resoltas na aula ou por correo electrónico.
Traballo tutelado	Atendemento no despacho e por correo electrónico.
Prácticas con apoio das TIC	As dificultades e consultas serán atendidas por videoconferencia.
Presentación	Consultas a través de correo electrónico ou por videoconferencia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	Un 10% da nota final responderá á ASISTENCIA, PARTICIPACIÓN E DESEMPEÑO do estudante ao longo do curso. Observarase o seu aproveitamento e evolución, mais tamén e moi especialmente a súa dinámica na aula, a forma de argumentar, a colaboración cos compañeiros e todos aqueles elementos que teñan que ver coa aprendizaxe colaborativa e o traballo en grupo.	10	CE9
Prácticas con apoio das TIC	Un 45% obterase da realización de PRÁCTICAS con exercicios preparados en horas non presenciais. Poderase considerar deste 45 %, un 10% para PRESENTACIÓN na clase ou online do traballo de curso. No seu lugar podería facerse a exposición oral dunha lectura ou dunha das prácticas preparadas fóra da clase.	45	CE9 CT1 CT2 CT3
Traballo tutelado	Un 45% corresponderá á realización dun TRABALLO TUTELADO cuxas instrucións se darán nas primeiras sesións do curso.	45	CE9 CT1 CT2 CT3

Outros comentarios sobre a Avaliación

2. A CUALIFICACIÓN FINAL na 2ª OPORTUNIDADE rexerese polas seguintes normas:

2.1. Se na avaliación dalgún dos tres tipos de tarefas realizadas no curso (traballo tutelado, resumos e exercicios de

aplicación) non se acadou o nivel de aprobado, deberán reelaborarse para seren cualificadas de novo coas mesmas porcentaxes que na primeira oportunidade.

2.2. As tarefas que teñan acadado o nivel de aprobado na 1ª oportunidade tamén poderán reelaborarse, se así o decide o estudante. En caso contrario, nesta 2ª oportunidade manterase a cualificación que obtiveron na 1ª.

2.3. As tarefas que non se teñan presentado na 1ª oportunidade deberán elaborarse para seren avaliadas nesta 2ª oportunidade coa mesma porcentaxe da cualificación final que se lles asigna na 1ª.

2.4. Na avaliación da 2ª oportunidade tamén se terá en conta a cualificación obtida na 1ª por asistencia, participación e desempeño, que corresponde ao 10% da cualificación final. Aos estudantes que non teñan cualificación neste apartado por ausencias xustificadas ou por dispensa de asistencia, o 10% correspondente integraráselles na nota do traballo tutelado (que, deste xeito, equivalerá ao 55% da cualificación final).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Argudo Plans, S., & Pons Serra, A., **Mejorar las búsquedas de información**, Barcelona: UOC, 2012

Baiget, T. & Torres-Salinas, D., **Informe APEI sobre Publicación en Revistas Científicas (= Informe APEI, 7)**., Gijón: Asociación Profesional de Especialistas en Información, 2013

Bitchener, John, **Writing an Applied Linguistics Thesis or Dissertation: A Guide to Presenting Empirical Research**, Basingstoke: Palgrave Macmillan, 2010

Blair, L., **Writing a graduate thesis or dissertation**, Rotterdam : Sense, 2016

Cargill, M. & O'Connor, P., **Writing scientific research articles: strategy and steps**, Chichester, UK : Wiley-Blackwell, 2013

Carlino, P., **Escribir, leer y aprender en la universidad: Una introducción a la alfabetización académica**, Buenos Aires: Fondo de Cultura Académica, 2005

Cassany, D., **La cocina de la escritura**, Barcelona: Anagrama, 2011 [1993]

Cea d'Ancona, M.A., **Metodología cuantitativa. Estrategias y técnicas de investigación social**, Madrid: Síntesis, 1996

Fernández Salgado, B., **Técnicas e métodos de investigación lingüística e filolóxica**, Vigo: Universidade de Vigo, 2002

García Gondar, F. (dir.), **BILEGA (Repertorio Bibliográfico da Lingüística Galega)**, Santiago: Publicacións do CILL Ramón Piñeiro, 1998

Kelly, A. E.; Lesh, R. A.; & Baek, J. Y., **Handbook of Design Research Methods in Education**, New York: Routledge, 2008

López Alonso, C., **Análisis del discurso**, Madrid: Síntesis, 2014

Loureda Lamas, Ó., **Introducción a la tipología textual**, Madrid: Arco/Libros, 2003

Moosa, I.A., **Publish or perish : perceived benefits versus unintended consequences**, Cheltenham : Edward Elgar Publishing, 2018

Moyano, E. I., **Una clasificación de géneros científicos**. En **XIX Congreso AESLA (Universidad de León, 3-5 de mayo de 2001)**, pp. 1-9. [Ed. en liña],

<<http://userpage.fu-berlin.de/vazquez/vazquez/Clasificacion%20de%20generos%20MOYANO.pdf>>, 2001

Narvaja de Arnoux, E. ; di Stefano, C.; & Cecilia Pereira, C., **La lectura y la escritura en la Universidad**, Buenos Aires: Eudeba, 2013 [2002]

Silvia, P.J., **How to write a lot**, Washington: American Psychological Association, 2019 [2007]

Vázquez, G. (coord.), **Guía didáctica del discurso académico escrito: ¿Cómo se escribe una monografía?**, Madrid: Edinumen, 2001

Bibliografía Complementaria

Alonso-Arévalo, J., **Alfabetización en comunicación científica: Acreditación, OA, redes sociales, altmetrics, bibliotecarios incrustados y gestión de la identidad digital**. En **Alfabetización informacional: Reflexiones y Ex**, <<http://eprints.rclis.org/22838/>>, 2014

Álvarez de Mon y Rego, I., **Problemas en torno a la definición del lenguaje científico-técnico**, Ibérica, 3, pp. 31-42, <<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2475901>>, 2001

Bajtín, M. M., **El problema de los géneros discursivos**. En **Estética de la creación verbal**. México: Siglo XXI, pp. 248-293. [Ed. en liña], <<http://estafeta-gabrielpulecio.blogspot.com.es/2009/06/mijail-m.html>>, 1979 [1952-53]

Barrionuevo Almuzara, L., **El acceso abierto a la literatura científica en España: dos rutas de color** [en liña]. En **V Foro Mundial de Conocimiento Libre (Puerto Ordaz, Venezuela, 19-23 noviembre 2007)**, E-Prints in Library &am, <<http://eprints.rclis.org/11105/>>, 2008

Bericat, E., **La investigación de los métodos cuantitativo y cualitativo en la investigación social. Significado y medida**, Barcelona: Ariel, 1998

Boeglin Naumovic, M., **Leer y redactar en la universidad: del caos de las ideas al texto estructurado**, Sevilla: MAD, 2007

Caïs, J., **Metodología del análisis comparativo**, Madrid: Centro de Investigaciones Sociolóxicas, 1997

Cano Aguilar, R., **Introducción al análisis filológico**, Madrid: Castalia, 2000

Castelló, M. (coord.), **Escribir y comunicarse en contextos científicos y académicos: Conocimientos y estrategias**, Barcelona: Graó, 2007

Cordón García, J. A. et al., **Las nuevas fuentes de información : Información y búsqueda documental en el contexto de la web 2.0 (2ª ed.)**, Madrid: Pirámide, 2012 [2010]

Das, A.K., **Scholarly Communications**. Paris, UNESCO. [Ed. en liña], <<http://eprints.rclis.org/24869/1/231938e.pdf>>, 2015

Duarte-García, E., **Gestores personales de bases de datos de referencias bibliográficas: características y estudio comparativo** [en liña]. **El Profesional de la Información**, 16/6, pp. 647-656, <<http://hdl.handle.net/10810/7684>>, 2007

Eco, U., **Cómo se hace una tesis: Técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura**, Barcelona: Gedisa, 2015 [1977]

Fortanet, I.; Palmer, J. C.; Posteguillo, S. (eds.), **Linguistic studies in academic and professional English**, Castelló de la Plana : Universitat Jaume I, Servei de Comunicació i Publicacions, 2004

Gordon, S. P., **Collaborative Action Research : Developing Professional Learning Communities**, New York: Teachers College Press, 2008

Hyland, K., **Disciplinary Discourses: Social Interaction in Academic Writing**, London: Longman, 2004

Lavid, J., **Lenguaje y nuevas tecnologías: Nuevas perspectivas, métodos y herramientas para el lingüista del siglo XXI**, Madrid: Cátedra, 2005

Leki, I., **Academic Writing. Exploring Processes and Strategies**, Cambridge: CUP, 1998 [1995]

Lichtfouse, E., **Scientific writing for Impact Factor journals**, New York: Novinka, 2013

Marimón Llorca, C.; & Santamaría Pérez, I., **Los géneros y las lenguas de especialidad (II): el contexto científico-técnico**. En Enrique Alcaraz Varó et al. (eds.), **Las lenguas profesionales y académicas**, pp. 127-140, Barcelona: Ariel, 2007

Martínez de Sousa, J., **Manual de estilo de la lengua española**, Gijón: Trea, 2007 [2001]

Martínez de Sousa, J., **Diccionario de bibliología y ciencias afines**, Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 1993 [1989]

Montolío, E. (coord.), **Manual práctico de escritura académica**, Barcelona: Ariel, 2000

Nesselhauf, C.; Hundt, M.; & Biewer, C. (eds.), **Corpus linguistics and the web**, Amsterdam: Rodopi, 2007

Regueiro Rodríguez, M. L. & Sáez Rivera, D. M., **El español académico: Guía práctica para la elaboración de textos académicos**, Madrid: Arco Libros, 2013

Sierra Bravo, R., **Tesis doctorales y trabajos de investigación científica: Metodología general de su elaboración y documentación**, Madrid: Paraninfo, 1994 [1986]

Swales, J. M., **Genre Analysis: English in Academic and Research Settings**, Cambridge: Cambridge University Press, 1990

Tascón, M. (dir.); Cabrera, Marga (coord.), **Escribir en Internet. Guía para los nuevos medios y las redes sociales**, Barcelona: Galaxia Gutenberg / Fundéu BBVA, 2012

Valles, M. S., **Técnicas cualitativas de investigación social. Reflexión metodológica y práctica profesional**, Madrid: Síntesis, 1997

Vargas Franco, A. et al., **Escribir en la Universidad: Reflexiones y estrategias sobre el proceso de composición escrita de textos académicos**, Cali: Universidad del Valle, 2008 [2007]

Walker, R., **Métodos de investigación para el profesorado**, Madrid: Morata, 2002 [1989]

Recomendacións

Outros comentarios

RECOMENDACIÓN PARA O ESTUDO DA MATERIA

1. Convén posuír un nivel medio de comprensión do inglés, xa que os materiais de consulta recomendados poden incluír textos escritos neste idioma.

2. Experiencia de navegación na Internet e coñecemento dalgún catálogo bibliotecario.

OBSERVACIÓNS:

1. O plaxio total ou parcial é inadmisíbel e contrario aos obxectivos perseguidos. Pode levar consigo a perda de máis puntuación que o valor da actividade afectada, e mesmo o suspenso na materia.

2. A expresión oral e escrita do estudante debe ser correcta e axeitada ao seu nivel académico; de non selo, poderá reflectirse na puntuación recibida.

3. A materia tamén será dispensada na Universidade da Coruña (código 44360005) polo profesor Xoán López Viñas (e-mail: xoan.lopezv@udc.gal) e na Universidade de Santiago de Compostela (código P5211105) polo profesor Xulio Sousa Fernández

(e-mail: xulio.sousa@usc.es).

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudantado permanecerá na aula mentres a outra parte seguirá a docencia dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono se a ferramenta utilizada así o aconsella, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, mentres que os grupos e as quedas se

adaptarán para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Lingüística de Corpus e Adquisición da Lingua**

Materia	Lingüística de Corpus e Adquisición da Lingua			
Código	V01M126V01106			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Ramallo Fernández, Fernando			
Profesorado	Ramallo Fernández, Fernando			
Correo-e	framallo@uvigo.gal			

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Avaliación				
Materia	Avaliación			
Código	V01M126V01107			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, María Rosa			
Profesorado	Pérez Rodríguez, María Rosa			
Correo-e	rosa@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia presentaranse os principais modelos e sistemas de avaliación que se aplican no ámbito do ensino de linguas.			

Competencias	
Código	
CB1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
CB2	Que os/as estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
CB3	Que os/as estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
CB4	Que os/as estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
CB5	Que os/as estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
CG1	Capacitación dos estudantes para que adquiran coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.
CG2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
CG3	Capacidade dos/as estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.
CG4	Capacidade dos/as estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
CG5	Capacidade dos/as estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster
CE6	Coñecemento das principais áreas da lingüística aplicada.
CE10	Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador.
CT3	Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
CT6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
CT7	Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
CT8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

Coñecer os recursos metodolóxicos para a avaliación da L1 e L2 en contextos multilingües e multimodais.	CB1 CB3 CG1 CG2 CG3 CG5 CE6 CE10 CT3
---	--

Saber aplicar as técnicas fundamentais e os coñecementos básicos da avaliación de linguas.	CB2 CB3 CB4 CG3 CG4 CT3
--	--

Adquirir os coñecementos especializados sobre aspectos teóricos e tecnoloxías lingüísticas aplicados á investigación en avaliación de linguas.	CB4 CB5 CG4 CG5 CE6 CT6 CT7 CT8
--	--

Contidos

Tema	
1. Concepto e tipos de avaliación	*
2. A avaliación no ámbito do ensino-aprendizaxe de segundas linguas	*
3. Avaliación do profesorado e do alumnado.	*
4. Avaliación de contidos e materiais.	*
5. Autoavaliación e portafolios.	*
6. Acreditacións.	*

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Presentación	3	15	18
Debate	2	6	8
Lección maxistral	8	24	32
Traballo	0	15	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Detectar os coñecementos previos do alumnado para recoñecer as posibles dificultades de seguimento e corrixir as formulacións erróneas. Descubrir intereses e motivacións do alumnado. Transmitir os obxectivos que se perseguen. Detallar os contidos que se traballarán. Explicar a metodoloxía que se utilizará na materia. Enumerar e aclarar os criterios de avaliación
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto...
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Debate A docente atenderá e guiará ao alumnado nas sesións orientadas á discusión e revisión de conceptos e prácticas fundamentais para a materia.

Probas	Descrición
---------------	-------------------

Traballo	A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e en titorías) como non presencialmente (por correo electrónico) atenderá ao alumnado e guiarao na preparación dos traballos tutelados.
----------	---

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Presentación O estudante presenta oralmente ante o profesorado e o grupo o traballo que presentou previamente por escrito.	40	CB1 CG3 CE10 CT3 CB3 CG5 CB4
Traballo O estudante presenta por escrito o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia, na preparación de seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.	60	CB1 CG1 CE6 CT6 CB2 CG2 CE10 CT7 CB3 CG3 CT8 CB5 CG4 CG5

Outros comentarios sobre a Avaliación

As porcentaxes atribuídas ás dúas partes da avaliación (presentación escrita e presentación oral) considéranse orientativas. Xa que a materia trata sobre avaliación, discutirase na clase o sistema de avaliación e a adecuación das porcentaxes propostas e chegarase ao acordo que se considere, que será o que se aplicará para a materia. Considerarase tamén a posibilidade de asignar unha porcentaxe da avaliación á observación sistemática.

O alumnado que non acade o aprobado na primeira oportunidade será avaliado co mesmo sistema na segunda: presentará por escrito un traballo que tamén exporá oralmente ante a docente e, se é o caso, o grupo de alumnado.

Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección e adecuación lingüística. No caso de que se detecte copia ou plaxio nalgunha proba, esta puntuarase con 0.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Alderson, J. C., C. Clapham y D. Wall,, **Exámenes de idiomas**, Edinumen, 1998

Antón, M., **Métodos de evaluación de ELE**, ArcoLibros, 2013

Bachman, L. F., **Fundamental Considerations in Language Testing**, Oxford University Press, 1990

Bordón, T., **La evaluación de la lengua en el marco de E/L2: Bases y procedimientos**, ArcoLibros, 2006

Hughes, A., **Testing for language teachers**, Cambridge University Press, 2003

Mc Namara, T., **Language testing**, Oxford University Press, 2000

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determineno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS E DA AVALIACIÓN ===

Manteranse as metodoloxías, contidos, sistemas de avaliación e titorías, coa excepción de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Moovi).

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudantado permanecerá na aula mentres a outra parte seguirá a docencia dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono se a ferramenta utilizada así o aconsella, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, mentres que os grupos e as quendas se

adaptarán para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Gramática e Léxico da Lingua de Signos Española**

Materia	Gramática e Léxico da Lingua de Signos Española			
Código	V01M126V01108			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Fernández Soneira, Ana María			
Profesorado	Fernández Soneira, Ana María			
Correo-e	anafe@uvigo.es			
Web	http://http://griles.webs.uvigo.es/			
Descrición xeral	Nesta materia pretendemos achegar os alumnos aos aspectos básicos da descrición da lingua de signos española.			

Competencias

Código	
CB1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
CB2	Que os/as estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
CB3	Que os/as estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
CB4	Que os/as estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
CB5	Que os/as estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
CG1	Capacitación dos estudantes para que adquiran coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.
CG2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
CG3	Capacidade dos/as estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.
CG4	Capacidade dos/as estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
CG5	Capacidade dos/as estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster
CE5	Capacidade para a selección axeitada de datos lingüísticos en función do método de investigación elixido.
CE6	Coñecemento das principais áreas da lingüística aplicada.
CE8	Obtención dun nivel de formación teórica que permita comprender e xulgar criticamente a bibliografía lingüística especializada.
CE9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
CT1	Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
CT3	Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
CT7	Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
CT8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
---------------------------	--------------

Coñecer e interpretar os aspectos básicos da lingua de signos española, e das principais investigacións lingüísticas actuais das linguas de signos.	CB1 CB3 CB4 CB5 CG1 CG4 CG5 CE5 CE6 CE8 CE9 CT1 CT3 CT7
Adquirir un nivel de formación teórica que permita comprender e xulgar críticamente a bibliografía lingüística especializada de LSE e das linguas visoxestuais.	CB2 CB3 CB4 CG2 CG3 CE8 CT1 CT8
Analizar os principios de construción dunha lingua viso-xestual. Para logralo, os estudantes deberán aprender a traballar con datos lingüísticos de linguas dunha modalidade viso-xestual dende diferentes perspectivas metodolóxicas.	CB3 CB5 CG2 CE8 CT1 CT8

Contidos

Tema	
1. O sistema fonético, fonolóxico, gramatical, léxico e semántico da lingua de signos española.	1.1. A gramática dunha lingua viso-xestual. 1.2. A creación léxica
2. Aspectos socioculturais e pragmáticos da LSE.	2.1. Sociolingüística das linguas de signos 2.2. A pragmática da LSE
3. As variacións nas linguas de signos.	3.1. A variación lingüística nas linguas de signos: aspectos fonolóxicos e universais 3.2. A estandarización da LSE
4. Outras linguas de signos.	4.1. Universais lingüísticos nas linguas de signos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	2	20	22
Presentación	1	0	1
Resolución de problemas	4	16	20
Lección maxistral	8	24	32

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Descrición dun aspecto gramatical ou léxico da LSE.
Presentación	Presentación oral na aula do traballo de descrición gramatical.
Resolución de problemas	Preguntas sobre as lecturas especializadas en contidos da materia e debate sobre as mesmas na aula. Análise de mostras signadas: discurso formal, cancións, contos...
Lección maxistral	Asistencia e participación nas aulas

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Os alumnos traballarán coa docente na escollo dos aspectos gramaticais que van ser analizados, na bibliografía necesaria para realizar o traballo, na súa estrutura e na súa elaboración.
Presentación	Estas horas adicaranse a preparar a exposición oral que os alumnos deben levar a cabo diante dos seus compañeiros.

Avaliación					
	Descrición		Cualificación	Competencias Avaliadas	
Traballo tutelado	Descrición dun aspecto gramatical ou léxico da LSE	40	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE6 CE8 CE9	
Presentación	Presentación oral	20	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE5 CE6 CE9	
Resolución de problemas	Lecturas especializadas en contidos da materia e o debate sobre as mesmas na aula, aportación de ideas, etc.	25	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE5 CE6 CE8	CT1 CT3 CT7 CT8
Lección maxistral	Asistencia e participación nas aulas	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5		CT1 CT8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Segunda oportunidade (xullo)

Aqueles estudantes que non teñan superado a materia e teñan asistido regularmente ás aulas e realizado un 60% das actividades propostas, terán que repetir unicamente aquelas actividades ou probas non superadas.

Nos casos restantes, serán avaliados pola realización dos traballos propostos pola profesora (100% da cualificación).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Báez Montero, Imaculada C. & Ana Fernández Soneira, **Problemas de estandarización en la lengua de signos española: la variación entre las comunidades lingüísticas**, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2010

Baker, Anne et al. (eds.), **The Linguistics of Sign Languages. An introduction**, <https://doi.org/10.1075/z.199>, John Benjamins, 2016

Costello, Brendan, **Una radiografía fonológica de LSE**, CNLSE, 2013

Herrero Blanco, Ángel, **Gramática didáctica de la LSE**, 978-84-675-9809-4, SM, 2009

Jarque, María Josep, **Las lenguas de signos: su estudio científico y reconocimiento legal**, <https://doi.org/10.1344/AFEL2012.2.3>, Universitat de Barcelona, 2012

Marrero Aguiar, Victoria & Pilar Ruiz Palacios, **El medio del lenguaje**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2009

Pfau, Roland et al. (eds.), **Sign Language. An International Handbook**, <https://doi.org/10.1515/9783110261325>, de Gruyter Mouton, 2016

Quer, J. et al. (eds.), **The Routledge Handbook of Theoretical and Experimental Sign Language Research**, 9781138801998, Routledge, 2021

Zeshan, Ulrike, **Sign Languages**, Max Planck Institute for Evolutionary Anthropology,

Bibliografía Complementaria

Báez Montero, I., A. Fernández-Soneira & E. Freijeiro-Ocampo, **CORALSE: diseño de un corpus de lengua de signos española**, EPIC Series in Language and Linguistics, 2016

Barberá Altamira, Gemma, **The meaning of space in Sign Language**, <https://doi.org/10.1515/9781614518815>, de Gruyter Mouton, 2015

Brentari, Diane (ed.), **Sign Languages**, <https://doi.org/10.1017/CBO9780511712203>, Cambridge University Press, 2010

Brentari, D., Fenlon, J. & Cormier, K., **Sign Language Phonology**, DOI: 10.1093/acrefore/9780199384655.013.117, Oxford University Press, 2018

Channon, Rachel & Hulst, Harry van der (eds.), **Formational Units in Sign Languages**, <https://doi.org/10.1515/9781614510680>, de Gruyter Mouton, 2011

CNLSE, **Actividades del CNLSE**, Centro de Normalización Lingüística de la lengua, 2019

Costello, Brendan, **Language and modality: Effects of the use of space in the agreement system of lengua de signos española (Spanish Sign Language)**, 2016

Fernández Soneira, Ana María, **La cantidad a manos llenas**, M-48491-2008, Fundación CNSE, 2008

Fesord, **SignoLingüística. Introducción a la lingüística de la L.S.E.**, 84-931447-8-9, Fundación Fesord, 2000

Jarque, M^a Josep et al., **Recursos de creación de léxico en la lengua de signos catalana (LSC)**, 1, CNLSE, 2019

- Jepsen, Julie Bakken et al. (eds.), **Sign Languages of the World: A Comparative Handbook**, <https://doi.org/10.1515/9781614518174>, de Gruyter Mouton, 2015
- Lucas, Ceil (ed.), **The sociolinguistics of sign language**, <https://doi.org/10.1017/CBO9780511612824>, Cambridge University Press., 2001
- Martínez Sánchez, F. et al., **Apuntes de Lingüística en Lengua de Signos Española**, CNSE, 2000
- Morgan, Gary et al., **Research Methods in Sign Language Studies: a practical guide**, 978-1-118-27141-4, Wiley, 2015
- Müller de Quadros, R. (ed.), **Brazilian Sign Language Studies**, <https://doi.org/10.1515/9781501507878>, De Gruyter Mouton, 2020
- Nogueira Fos, Rubén, **La variación lingüística en las lenguas de signos: aspectos fonológicos y universales**, Universitat de Barcelona, 2006
- Pfau, Roland et al. (eds.), **Visible Variation: Comparative Studies on Sign Language Structure**, <https://doi.org/10.1515/9783110198850>, de Gruyter Mouton, 2007
- Pizzuto, Elena et al. (eds.), **Verbal and Signed Languages: Comparing Structures, Constructs and Methodologies**, 978-3-11-019585-9, de Gruyter Mouton, 2007
- Rodríguez González, M^a Ángeles, **Lenguaje de signos**, CNSE/Fundación ONCE, 1992
- Sandler, Wendy & Diane Lillo-Martin, **Sign Languages and Linguistic Universals**, 978-0-52-148395-7, Cambridge University Press, 2006
- Twilhaar, Jan Nijen & Beppie van der Bogaerde, **Concise Lexicon for Sign Linguistics**, 978-9-02-721233-7, John Benjamins, 2016
- Veyrat Rigat, Montserrat & Beatriz Gallardo Paúls (eds.), **Estudios Lingüísticos sobre la Lengua de Signos Española**, 84-370-5526-1, Nau Llibres, 2002
- VVAA, **Estudios sobre la lengua de signos española**, UNED/CNSE, 2012
- VVAA, **SignGram Blueprint: herramienta para la descripción gramatical de las lenguas de signos**, VVAA, **Spread the sign**, <https://www.spreadthesign.com/es/>, 2018
- VVAA, **Revista de Estudios de Lenguas de Signos, REVLES**, <https://www.revles.es/index.php/revles>, CNLSE, 2021
- Zeshan, Ulrike (ed.), **Interrogative and Negative Constructions in Sign Languages**, 10.26530/OAPEN_453832, Ishara Press, 2006
- Zeshan, U. & K. Segara (eds.), **Semantic fields in Sign Languages. Colour, Kinship and Quantification**, <https://doi.org/10.1515/9781501503429>, de Gruyter Mouton, 2016

Recomendacións

Outros comentarios

Non é preciso ter coñecementos previos de lingua de signos para seguir a materia.

Plan de Contingencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudantado permanecerá na aula mentres a outra parte seguirá a docencia dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono se a ferramenta utilizada así o aconsella, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, mentres que os grupos e as quendas se adaptarán para cumprir coa normativa sanitaria

Os contidos da materia estarán a disposición do alumnado na plataforma Moovi. Habilitarase un Foro de discusión para que os alumnos plantexen preguntas e expoñan as ideas extraídas das súas lecturas críticas.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Presentación oral: será substituída polo envío dun video coa presentación do traballo feito.

No caso dos traballos de aula, a discusión sobre as lecturas dos diferentes temas será substituída pola elaboración de

resumos dos traballos científicos asignados a cada tema.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

As titorías serán mantidas e realizaranse no despacho virtual da docente

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non procede

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

De se-lo caso facilitaráselle ao alumnado contido visual para facilitar a aprendizaxe dos conceptos expostos: gramáticas visuais, vídeos divulgativos, actas visuais...

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Mantense a avaliación proposta na guía docente coas modificacións na realización das probas expostas no apartado de Adaptación das metodoloxías

DATOS IDENTIFICATIVOS**Diseño e Desenvolvemento de Tecnoloxías Lingüísticas**

Materia	Deseño e Desenvolvemento de Tecnoloxías Lingüísticas			
Código	V01M126V01109			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	1c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Ramallo Fernández, Fernando			
Profesorado	Ramallo Fernández, Fernando			
Correo-e	framallo@uvigo.gal			

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS**Comunicación Multimodal**

Materia	Comunicación Multimodal			
Código	V01M126V01110			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	1c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Ramallo Fernández, Fernando			
Profesorado	Ramallo Fernández, Fernando			
Correo-e	framallo@uvigo.gal			

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS**Comunicación Oral**

Materia	Comunicación Oral			
Código	V01M126V01111			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	2c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Ramallo Fernández, Fernando			
Profesorado	Ramallo Fernández, Fernando			
Correo-e	framallo@uvigo.gal			

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS**Fundamentos de Lexicoloxía e Lexicografía**

Materia	Fundamentos de Lexicoloxía e Lexicografía			
Código	V01M126V01112			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	1c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Ramallo Fernández, Fernando			
Profesorado	Ramallo Fernández, Fernando			
Correo-e	framallo@uvigo.gal			

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS**Cuestións de Semántica e Sintaxe**

Materia	Cuestións de Semántica e Sintaxe			
Código	V01M126V01113			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	1c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Ramallo Fernández, Fernando			
Profesorado	Ramallo Fernández, Fernando			
Correo-e	framallo@uvigo.gal			

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS**Conciencia Lingüística (Language Awareness) e Adquisición de Segundas Linguas en Contextos Multilingües**

Materia	Conciencia Lingüística (Language Awareness) e Adquisición de Segundas Linguas en Contextos Multilingües			
Código	V01M126V01201			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Iglesias Álvarez, Ana María			
Profesorado	Iglesias Álvarez, Ana María			
Correo-e	anaiglesias@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Analizaremos o papel que as destrezas lingüísticas que xa posúe o falante (e/ou alumno), xogan na adquisición de L2 (L3, L4...), nomeadamente a súa conciencia (meta)lingüística en situacións de bilingüismo.			

Competencias

Código	
CB1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
CB2	Que os/as estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
CB3	Que os/as estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
CB4	Que os/as estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
CB5	Que os/as estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
CG2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
CG4	Capacidade dos/as estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoos de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
CG5	Capacidade dos/as estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster
CE1	Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística
CE3	Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística.
CE7	Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística.
CE9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
CE10	Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador.
CT1	Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
CT2	Dominio da expresión e a comprensión oral e escrita dun idioma estranxeiro.
CT4	Desenvolvemento para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
CT6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Comprender os fundamentos da conciencia metalingüística (language awareness) que permiten tender pontes entre a adquisición de L1 e L2.	CB1 CB4 CB5 CE1 CE7
Adquirir aspectos teóricos e prácticos relacionados co ensino de linguas.	CB1 CB2 CB4 CB5 CG2 CE1 CE7 CE10
Manexar coñecementos do eido de investigación do bilingüismo.	CB2 CG2 CG5 CE1 CE3 CT4
Saber aplicar recursos para a elaboración de materiais didácticos de ensino de linguas adaptados ós novos contextos multilingües.	CB2 CB3 CB4 CB5 CG2 CG4 CE7 CE9 CE10 CT1 CT2 CT4 CT6 CT8
Dominar aspectos teóricos e prácticos relacionados coa investigación sociolingüística.	CB2 CG2 CT8
Obter coñecementos que permitan valorar a diversidade lingüística e cultural.	CB2 CG2 CE7 CE9 CT6 CT8

Contidos

Tema	
1. Nocións de partida. Aclaracións terminolóxicas e conceptuais.	1.1. Bilingüismo. 1.2. Tipos de bilingüismo. 1.3. Conciencia (meta)lingüística. 1.4. Conciencia lingüística crítica. Ideoloxías e representacións das linguas.
2. Contextos multilingües e aprendizaxe de linguas. Do bilingüismo ao plurilingüismo.	2.1. Adquisición de L2 en contextos plurilingües. 2.2. Adquisición e aprendizaxe espontáneas. 2.3. Aprendizaxe formal e regrada. Tácticas do profesor. 2.5. Competencia comunicativa intercultural e repertorios pluingües.
